
XUNTA DE GALICIA

MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA

EDUCACIÓN, XÉNERO E LECTURA

Conformar, Reformar, Transformar



EXPOSICIÓN

LIBRO CATÁLOGO

EDUCACIÓN, XÉNERO E LECTURA
Conformar, Reformar, Transformar
Libro - Catálogo da Exposición Educación, Xénero e Lectura /
Rita Gradaílle Pernas, Antón Costa Rico (comisariado)/

Portada:
Gravado de nenas lendo. Autoría de Jane Mary Dealy (1856 - 1939), coñecida como Lady Lewis desde 1904, foi unha artista inglesa de finais do século XIX e principios do XX. Foi ilustradora de libros infantís (Fondo ACR).

Deseño gráfico: El Perchero
Fotografía: Ovidio Aldegunde
Edición e impresión: El Perchero

Créditos fotográficos (selección)
Fondo MUPEGA, páginas: 8-9, 22-23, 27, 31, 53, 54, 56, 58, 62, 104, 122, 128.
Fondo ACR: 64, 116, 118.
CCG: 72, 92.
CEPLI: 78.
Centro de documentación, Concello de Vigo: 130.
Ilustración pp. 158-159: procede de Mª Xosé Queizán: O segredo da pedra figueira (Vigo: 1985).

Edición a cargo de:
Dirección Xeral de Cultura.
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Xunta de Galicia
Santiago de Compostela, 2024

D.L.: CU 24-2024
ISBN: 978-84-120714-8-1

Atribución-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional


ELENA FORTUN
CELIA
LO QUE DICE
M. AGUILAR · EDITOR · MADRID

Para unha nena vilega que entra na escola andados os anos cincuenta, o feminino e o masculino eran espazos rigorosamente afastados. Mais no meu caso, o azar uniu a tradición republicana familiar e non levarse coa mestra e o mestre fascistas de Castro de Rei. Así que tiven a fortuna de ir camiñando cada mañá e cada tarde dous quilómetros ate a escola rural de Barxa, onde nenas e nenos, de idades diferentes, partillabamos un caseto co único quecemento dunha estufa de ferro para converter o po en leite e darnos un vaso antes do recreo, o momento que aproveitabamos para facer pis fóra e xogar co que tiñamos máis a man nunha pequena carballeira en costa.

"Doña Maruja, a mestra" -sempre era identificada deste xeito, pola súa función-, paciente e amábel, vestía algo mellor ca o resto, habitaba na casa máis próxima e pensabamos que, coma os cregos, non estaba autorizada a ter parella. Se naquel período no que fitabamos para todo o que agromase na contorna chega Celia ás nosas mans pensariamos que era unha *mariquita* para retallar, non recoñeceriamos o oso de peluche e iso de rapar ao gato en troca dunha ovella, de termos unha tesoira, entenderiámolo como natural. Na ilustración da portada repararíamos no boneco que fica atrás mentres podes facer cousas que non cadran, e que quizabes era o que nos ía gustar de Celia, esa nena en acción, soa, sen medo ao gato que fica pelado e regaña nos dentes. Mais Celia nunca chegou ás nosas mans.

As pezas de aprendizaxe do masculino e do feminino, para alén da saia e do calzón, estaban moi marcadas no ritual relixioso: as rapazas diante, con velo; os rapaces atrás, sen cubrirse, e no caso dos homes con licenza para saíren a fumar. Lembro moi ben cando fun confesar, detrás do meu irmán Malel, para facer xuntos a comuñón. Levaba moi preparado aquelo de desobedecer e ter maos pensamentos. E axeonlleime pola parte de diante, no mesmo lugar que acababa de deixar Malel. A seguido, de maneira automática fixen un aceno de cara a me erguer e ir para o xanelo lateral, ese no que non te miran a cara. Don José Benito Quintana, que viña a cabalo dende Azúmara e que tampouco era o cura de Castro de Rei, berrou: aquí estás ben. Foi a miña primeira lección de igualdade de xénero.